GAÑADORA RELATO
2º CICLO - ESO

# READOR DE BONECOS

- Necesitarei un conxunto de roupa que usara polo menos unha vez, non o laves. Tamén necesitarei un mechón do seu cabelo e un obxecto que fora importante para el.- di o creador de bonecos.
- Isto realmente funcionará? - Preguntou unha muller con desesperación.
- Ninguén se queixou nunca - contestou el, mirando unha foto do rapaz defunto.

Ao cabo dun tempo a muller volve co seu marido e o creador abre unha caixa e, orgulloso, ensínalles un boneco. É un boneco feo, de tea, co pelo e a roupa do rapaz postos e un guante de básbol cosido na man. O creador invita á muller a velo. Ela, achégase lentamente, con medo, e mira o boneco.

- Que opinas? - dille o creador
- Pois creo, creo que é... - comeza a dicir a muller.
- Creo que é un boneco, un simple boneco moi caro e que non serve para nada - interrompe o marido.
- Ah si? - dille o creador - Tócao - di dirixíndose á muller. A muller vai lentamente coller o boneco e, cando o toca, un sorriso aparece no seu rostro. Cólleo e comeza a xogar con el.
- Agora ti.- di o creador sorrindo - Tócao. Toca o boneco que non serve para nada.

O espeso achégase estrañado, posto que non entendía a felicidade da súa muller. Era só un boneco, e bicábao e abrazábao como se non fose só iso. Finalmente, decide tocarlle a man e, cando o fai, de repente ve ao seu fillo, como se estivese aínda vivo, mirándoo e sorríndolle. O home sóltalle rapidamente a man e volve a ver só un boneco.

- Solta esa cousa, Tina. Isto hai que pensalo.
- Xa o pensei. Toma a outra metade - di a muller dándolle diñeiro ao creador.
- Felicidades! Xa é voso! - di el. - Agora toca falar das instrucións.

Xa na casa do matrimonio, o creador comeza a falar.

- Esta casa está chea da enerxía do rapaz, podo sentilo. Dentro da casa, poderedes ver ao voso fillo, pero fóra, fóra é só un boneco.

A muller sae da casa para comprobalo e, ao non ver ao seu fillo nos seus brazos, volve a entrar e vai co seu "fillo" á cociña.

- Só hai unha advertencia.- O creador ensínalle ao esposo un reloxo de area e continúa falando.- Non pasedes con el máis dunha volta deste reloxo, nunca. Antes de que o tempo acabe o boneco deberá volver á súa caixa e pasar un día nela antes de usalo de novo. Do contrario enloqueceredes. Creredes que o boneco é algo real. Nin sequera teredes que tocalo para ver a ilusión e incluso esqueceredes que me contratastes. Se pasa algo disto non é a miña responsabilidade, amigo.

Xa pasados uns días, o home decide falar coa súa muller, que non solta o boneco.

- Estiven pensando no que che dixen despois do funeral. Que tiñamos que ser fortes, e que eu podía ser forte polos dous ata que ti estiveras mellor. Pero non podo, isto volveuse unha merda, e pode unirnos ou separarnos. Ti que elixes?
- Que funeral? - contesta a esposa.
- Tes que soltar esa cousa e poñela na caixa. - díxolle o esposo soltando unha roa de desesperación.
- Non vou poñer ao meu fillo nunha caixa.
- Non é teu fillo! - berra o home e leva á súa muller para fóra para mostrarlle que o que ela pensaba que era o seu fillo era en realidade un boneco. Unha vez fóra o home mira para a súa muller e queda asombrado. En lugar de ver á súa muller, ve unha boneca co seu pelo e roupa postos e co boneco do seu fillo cosido na man; solta ambos bonecos e déixaos caer no chan. Entón comeza a recordar o sucedido:
- Estaba enloquecendo e eu xa non sabía que facer. Así que escondín o boneco onde non puidera atopalo, e ela, cortouse a man. - dicía o home chorando.
- Díxenche que non era a miña responsabilidade, amigo. - contestaba o creador de bonecos.
- Só quero que volva. Necesítoa. Poderías facelo? - Di o home
- Ninguén se queixou nunca. Necesitarei un conxunto de roupa que usara polo menos unha vez, non o laves. Tamén necesitarei un mechón do seu cabelo e un obxecto que fora importante para ela.

O home recolle os bonecos do chan e volve a entrar na casa e comeza a abrazalos. Pídelle desculpas á súa "muller" e dille que non volverá a pasar. Despois mira para unha mesa un pouco máis ao fondo da sala e ve dous reloxos de area rotos. Aparta a mirada e segue abrazando a boneca.



Lia di Mata Lemo 4º